

DUATLÓN ESCOLAR CONCELLO DE MONTERROSO CLASIFICATORIA PROVINCIA DE LUGO-XOGADE

REGULAMENTO

Organiza:

A.D. Tripenta Terras de Lugo
Persoa de contacto: Francisco Villanueva
Teléfono: 677229408
Email: tripentaterrasdelugo@gmail.com

Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno

Patrocina e promove:

Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia

Colaboran:

Concello de Monterroso
Deputación Provincial de Lugo
Jim Sports
Empresa Alivos
AMPAS de Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla.

Datos da proba:

Proba Clasificatoria para a Final Provincial de Dúatlon Escolar de Lugo. Dirixida a deportistas inscritos e inscritas no programa XOGADE, na actividade deportiva escolar de Duatlón da provincia de Lugo, das categorías benxamín, alevín e infantil e cadete.

A inscrición no programa pode realizarse a través da web <https://inscripcionxogade.xunta.gal/>

A proba rexeráse segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e P.M. e da Federación Española de Tríatlon. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

Saída, transición e meta:

Será no Espazo Cultural Lorenzo Varela (na Rúa Lorenzo Varela)
No interior do Centro haberá servizos e duchas para os/as deportistas.

Recollida de dorsais:

A través do Técnico/Delegado do Club.

A partir das 14:45 h. Na carpa de organización ata 20' antes de cada saída.

Datas e horarios das carreiras:

Sábado 25 de marzo de 2023

	CARREIRA 1	BICI	CARREIRA 2	CÁMARA Chamada	HORA
BENXAMÍN (2014-2015)	400m	2000m	200m	15:50	16:00
ALEVÍN (2012-2013)	800m	4000m	400m	16:25	16:35
INFANTIL (2011-2010)	1200m	6000m	600m	17:15	17:25
CADETE (2008-2009)	1600m	8000m	800m	17:20	18:30

- Entrega de premios 15 minutos despois do remate do último

OS HORARIOS PODERÁN SUFRIR VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DA INSCRIPCIÓN NA PROBA SE HOUBESE QUE DIVIDIR SAÍDAS

Inscricións:

Inscripción gratuíta. (Só deportistas de alta no programa Xogade na actividade deportiva escolar de dúatlón, na provincia de Lugo).

Ata o martes 21 de marzo de 2023. Enviar folha de inscrición (excell anexo) ao correo electrónico: fegatri@hotmail.com con copia a deportes.lugo@xunta.gal **ata as 14:00 horas.**

Procedemento Control de Material

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici/casco) e o casco posto e abrochado.

Cronometraxe Manual

O dorsal deberá ir á fronte, totalmente visible, collido polas catro esquinas, con calquera medio de suxeición que o garanta.

Saída

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, os oficiais e persoal de organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída .

Chegada a Meta

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e irán recoller a bicicleta.



Premios

Medallas aos/ás tres primeiros/as da clasificación individual en cada categoría e sexo.

CONSIDERACIÓNS

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo de participantes e organización. Así como adestradores/as cando non haxa competición.